

Asemblea A Gavela 14 maio de 2017



Lugar: Verxel de Coiro

Asisten: Cris, Elsa, Ricardo e Begoña, Marta, Moncho, Javi, Xaquín, Suso, Antía, Laura e Ánxeles. Persoa novas que se incorporan: Lucas, Estela e Isabel, Diana e Quique.

Toma a Acta : Ánxeles

Moderadora: Belén

Elaboramos os puntos da Orde do Día:

- 1.-Benvida ás persoas de novos proxectos que se queren incorporar ao spg. Rolda de presentacións.
- 2.-Visitas. Información das realizadas
- 3.-Prezos dos autocolantes que envía Hector.
- 4.-Propostas e informacións:
 - Moncho: diminuír o número de asembleas a 2 anuais.
 - Diana: Crear unha base de datos dos produtos do spg.
 - Ánxeles: Mercado A Gavela para facer visible e dar a coñecer o selo.
 - Belén: contacto con Enxeñeiros sen fronteiras para publicitar A Gavela.

1.-Faise unha rolda de presentación dos asistentes xa que hai persoas novas na asemblea.

Damos a benvida a:

Lucas, con finca en Moaña. Ten limoeiros e quere facer horta. Nun futuro ter galiñas e un bosque comestible.

Estela e Isabel. Teñen finca en Meira (Bueu) con horta e maceiras.

Están participando no mercado Catro Ponlas.

Diana e Quique. Finca en Peitieiros (Gondomar). Horta e froiteiras. Xa foron visitados e participaron nas visitas da zona (Val Miñor- Vigo) Pasan a formar parte da Gavela.

Os dous primeiros proxectos van a estar "amadriñados" polo grupo do Morrazo.

Encárgase Cris de facilitarlles a información sobre visitas, páxina...Acordarán no grupo o momento de facerlles a primeira visita.

2.-Información das roldas de visitas realizadas:

Tódolos os grupos das diferentes zonas fixeron a rolda de visitas que se considera moi positiva en tódolos casos. Recórdase facer o envío das follas cubertas, tanto as de visita como as autoavaliacións. Como é difícil facer constar as sinaturas nas follas para envialas adxuntas acordamos poñer os nomes das persoas que participaron sen máis.

Como rematamos as visitas anuais organizamos as quendas para a nova tempada xa que acordamos que neste próximo ano rotariamos as zonas.. Quedarán así:

- Condado-Paradanta visita a zona de Redondela- Vilaboa
- Redondela- Vilaboa visita a zona de Cangas- Morrazo
- Cangas- Morrazo visita a zona de Vigo-Val Miñor
- Vigo-Val Miñor visita a zona de Condado Paradanta

Deste xeito cada grupo precisa 2 xornadas: 1 para facer a visita e outra para ser visitados.

Cada grupo de zona ten que acordar o día de ser visitado e avisar polo listado.

3.-Dáse a información que envía Hector por correo cos prezos dos autocolantes. De momento no grupo non hai interese de facer pedido.

4.-Propostas:

- 1.Moncho fai a proposta de facer menos asembleas. Propón 2 anuais.

Ante esta xorden varias opinións e se resumen nas seguintes proposicións:

-Seguir como ata agora coas catro asembleas.(xa son 2 obrigadas)

-Facer as catro asembleas, tres delas só en horario de mañá ata o xantar, unha das catro asembleas sería festiva e duraría todo o día.

-Facer 3 asembleas ao ano. Dúas en horario de mañá e unha festiva que duraría todo o día.

Vótanse as catro propostas e gaña esta última de xeito que quedaría así:

-Faranse 3 asembleas anuais nos meses de xaneiro, maio e setembro. O 3º domingo de cada mes.

As asembleas de xaneiro e maio sería en horario de mañá (11 a 14) e a de setembro duraría todo o día e tería un carácter festivo.

A próxima asemblea queda fixada para 3º domingo de setembro e será en Coiro na horta de Cris.

- 2.Diana: Crear unha base de datos dos produtos da Gavela. O obxectivo é comunicar os excedentes. Fálase de facer unha ferramnta ou espazo na páxina pero o que se propón e é aceptado é que os excedentes se comuniquen pola rolda de correo compartida.
- 3.Ánxeles: Mercado A Gavela para facer visible e dar a coñecer o selo. Podería aproveitarse o encontro quincenal en Gondomar da Asociación o Toxo. Faise unha valoración dxs posibles asistentes e hai cinco persoas que se mostran a favor. Acórdase consultalo á Asociación O Toxo (Ricardo de Hortadoval fará a consulta).
- 4.Belén: contacto con Enxeñeiros sen fronteiras para publicitar A Gavela. Coméntanos Belén que se puxeron en contacto con ela para facernos esta proposta pero está sen concretar. Falará con eles de novo e avisará pola rolda.

E sen máis. Rematamos.

E imos plantar a arboriña en recordo de Olga e unha chea de xirasois que nos trouxo Cris para poñer arredor da finca.